



Non era coma agora, había moita moxedá. Eu, o día que cheghaba el, taba con el pero o día que non cheghaba taba con quen viñera.

- Sí, por que antes estábase con moitos mozos, non?

Con moitos mozos! Bueno!

- Non é como agora, agora teñen un mozo solo e ala... (Risas)

Ah, porque non os hai.

- No, hainos. Hai, hai. Pero o que pasa que non van por aí.

Pero moito é deso.

(...)

... cantos novos. E o que estivo alí, estuvemos dentro na cociña xogando porque era día do canto e non estuvemos onde estabamos moceando era na mesma casa pero así un sitiño, así ó pé da porta da cociña pero fóra da porta da cociña, dentro da casa, pero... Alí con dous mozos e máis unha irmá miña. Pero como era o día do canto, que era onde entraban os cantadores pra cantar, fomos para a cociña xoghar, non estuvemos alí e estiveron eles. E díxolle o que era mozo meu ó dunha miña irmá:

-“Oes, dille a Salomé que non se comprometa que mañá hei de ir eu pra onda ela.”

Díxollo el ao outro compañeiro, que era mozo de miña irmá. Pero claro, o outro a min aquel día non mo dixo, marchaban, díxollo así que salían pra fóra, marchaban e non me dixo nada. E díxomo do outro día na misa pero así que eles marcharon, viñeron un arreaño de cantadores. E foron os cantadores de aquí de Maroxo, que eu nunca con teu tío falara, non, non o conecía pa nada. Pero conecía varios de aquí de Maroxo, unha chea deles. E foron cantar, e cantaban que se mataban, que ben cantaban! E vai eu e máis miñas irmás -unha morreume, outra aínda vive que está en Bilbao- as tres, e fomos axudarlles a cantar-e. Como era alí preto da vosa casa fómoslles axudar a cantar. E dixo un, teu tío que... dixo:

-“Tes mozo pra mañá?”



Díxenlle eu:

-“Mozo se cadra teño pero palabra non teño.”

Eu mozo xa sabía que o tiña, que o outro que viña, pero a min non me dera palabra que viña.

Eu non faltaba, oh. E dixo el:

-“Bueno, pois entonces hei de ir eu mañá pra onda ti.”

-“Bueno, fai como queiras.”

Axudámoslles a cantar e marcharon. E do outro día, cun anacazo de sol, o día santo de Navidad, tabamos na eira e chegharon. Primeiro cheghou o de aquí, cheghou teu tío -eu chámolle teu tío porque é tío de túa nai, primo de túa nai- cheghou, pero ... de contado cheghou o outro. E eu e as outras miñas irmás tiñan mozos todas tamén. A máis nova era Aghustín de Roque e a i-outra, que me morreu, era un irmán de Manuel o de Roque, Rial da Ghraña, que morreu tamén -foi home dela que se casou con ela que se casou con ela pero despois pra A Habana e non fixo caso dela-. Pero quéroche decir que, xuntáronse os dous e cheghou onda min -o outro era de Beighondo- cheghou onda min e dixo:

-“Que se entende esto! Estás conmigho ou estás con ese outro?”

Díxenlle eu:

-“Pois eu palabra téñoa con ese outro.”

Dixo:

-“Como que tes palabra!”

(...) Chamouno e díxolle:

-“Oes, tes palabra con esa muller?”

Díxolle el:

-“Eu teño.”

E tiña razón! E dixo o outro:

-“Pois eu tamén.”



El tamén a tiña pero... (Risas) a min non mo dixeran. E dixo:

-“Pois eu tamén. Entonces, ímola deixar sola.”

E os dous, calquera deles, doentes por estar comigo! (Risas)

(...) ...marcháronche cun anacazo de día e levaron os mozos de miñas irmás tamén. Eu á vez aínda tiña tres mozos pra estar con eles aquel día! E a que me morreu tiña dous, o home que tivera e máis outro que fora o primeiro mozo que tivera en toda a súa vida -que despois deixouno por causa daquel, vaia por Dios! Tuvo mala suerte que o outro saleu un santo.- e despachouno por estar con aquel. E deixáronnos quedar solas! Como eu era a da causa, as outras non eran pero marcharon todos e deixáronnos quedar... “Ah, pois deixalas solas e tal”. E marcharon aló pola parroquia arriba despacharlle os mozos, nas casas que habían mozos e mozas, despacharon os mozos a todas. Fórache certo!

(...) con día, tíñamos a fonte cerquiña, e viñamos cos dous baldes pra casa e chegharon dous mozos da parroquia, eran da parroquia e máis nunca con nós falaran, quero decir, en plan de mozos nunca con nós falaran, nunca jamás, porque eran de cima da parroquia e nós eramos do fondo, viámonos na misa e... pero, quero decir, nunca pra onda nós foran. E dixéronnos eles:

-“E que diremos a estas mozas? Será de crer que estas mozas hoxe estean sen mozo?”

E díxenlle eu:

-“Pois, ben ves.”

E dixo:

-“Pero de verdá que non tendes mozos?”

-“Pois non. No nos ves solas?”

E dixo -Dios o teña no ceo que morreu de mozo! E o outro casouse pero tamén xa hai tempo que morreu, penso- e dixo el:

-“Pois se vosoutras estades sen mozo nós tamén estamos sen mozas, se vós queredes, hoxe pasamos, moceamos uns cos outros.”

Díxenlle eu:

-“Aí, pois como queirades vós.”



Arrimamos os baldes e eles deron a volta por fóra, polo curral, e pasaron para o sitio onde mocebamos. E vai nós e cerrabamos as portas todas por dentro (risa) ... as portas todas, eh. Aquelo foi a farra que eu iba con eles.

Un dos que falaba de boa ghaniña comigho, pero o pobre nunca podía estar comigho a non ser que estivese o mozo, porque non o deixaban os outros. Pero el viña sempre ca miña idea, anque as outras irmás miñas non tivesen mozos el con elas non tentaba estar, era sempre ca miña idea. Pero aquel era o meu correo. Todo canto sabía por alí arredor el viñamo decir todo a min. Todo canto lle oeu aos outros veuno decir a min xa no outro día (risa). Dios o teña no ceo, Dios mío! Era moi bo rapaz, eh.

E nesto, marcharon. Entramos e salimos ... pa onda eles. Pero cerramos as portas todas. Díxenlle eu a miña irmá, díxenlle:

-“Mira, hai que acoutar as portas ben que eles hanche volver por aquí. E se non acórdate.”

Eu tiña na imaginación unha cousa que me decía que habían volver-e. E volveron. Así que se encheron de batoleirar-e, de ir pola parroquia a despacharlle os mozos ás mozas todas, eran uns cinco mozos polo menos, e iban xuntos e vas ver tí! Conocimiento non había ningún que o tuvese, nin un! (Risa) Eran todos mozos novos e cando un é así novo o sentido anda... non hai conocimiento!

Cerramos as portas pero así, cando quixo ser noite, demos en sentir a puxar ás portas, pa entrar pra dentro. (Risa) E eu máis miña irmá... cos mozos! Unhas risazas! A coplas con eles.

- Cante as coplas, cante as coplas.
- Canta, canta.

Eles rían, oh. Que non sabían cantar, que non cantaban un cristo. Pero escoitábannos a nós e...eles botaban aquelas... porque eles estaban inocentes que non sabían o que pasaba! Pero nós como o sabiamos, riamos que nos matabamos, sabiamos que os outros estaban puxando á porta pa entrar. Marcharon co entusiasmo de nos deixar solas e chegharon e topáronnos moceando, que che parece? Comían máis lume ca cans!

(..) díxomo o outro, no outro día que veu pa onda min, o outro día da Nochebuena, que veu pa onda min que aquel día estaba sola e estivo comigho. E dixo el:

-“Pero, pero que terán esas mulleres? Esas mulleres deben ter pauto co demo. Marchamos para as deixar solas e están moceando. Pois seguro teñan pauto co demo.”



(...) E decía alhún:

“Pero os mozos que con nós tiveron que culpa teñen?”

Pero... si os atrapan apalástranos, eh! E estuvemos así que se encheron de puxar as portas polo lado da eira, foron polo lado do curral, marcharon pra o outro lado. E tiñamos un irmao máis novo, que era un rapaz, e petaron á porta. E nós as portas tiñámolas todas coutadas, a do curral e maila i-outra, todas da casa, non podía entrar nadie na casa sin lle abrir. E foron aquel rapaz mirar quen petaba á porta, nós tabamos cos mozos fóra. A non ser aquela miña irmá que tiña dous mozos e despachara un, aquela estaba na cociña con nosos pais, non tiña mozo pero nós tiñámolo e estabamos mocenado e bueno unha risaza. Nós como sabiamos que estaban eles puxando ás portas, unhas risazas. Ai, Dios mío! Moito rimos, eh!

E neste dixo... O rapaz foi. E dixo:

-“Quen é?”

-“Somos nosoutros”

Pero xa entraron pra cociña coma chispas, entraron pra cociña polo lado do curral e nós estabamos polo lado da eira. E eles así que entraron pola cociña, así que nos demos cuenta que entraron pra cociña, díxenlle eu os mozos -chamábanlle Manuel-:

-“Bueno Manuel, aghora tedes que vos marchar.”

Dixo:

-“E por que? Non é tan tarde, tal. Ou tedes pena con nós?”

E díxenlle eu:

-“No, deso nada pero heivos contar o que pasa e despois vosoutros diredes.”

-“E lo que pasou?”

-“Pois pasou esto...”

E conteilles a verdá toda como fora. Dixen:

-“E aghora quero que marchedes. Nós aghora pa onda eles non imos, de ningunha maneira, nin adoezo, pero... queremos que marchedes porque se esperades que saian eles, dánvos unha malleira que son capaces de vos deixar estarricados. Vós sodes dous solos, eles son cinco. E non vos rides deles.”



E non se rían! Apalastrábanos, eh! Que non había ningún que dixese que non. Bouraban todos neles coma cás. Si, oh! Que non había aquel sentido. Que culpa tiñan eles?

- Claro.

Pero... porque viñeran que levaban moitísima rabia porque queriannos deixar solas e estabamos moceando, adoceron como os cás. E dixo:

-“Pero...”

-“Quero que marchedes, pídovalo de favor. Non quero nin por nada do mundo que levedes unha malleira de paus por conta nosa. Nada. Salides aquí pola porta da eira e marchades por aí adiante e ala! Xa do ‘untameinto’ e eles non saben quen sodes e nós nunca llo diremos.”

Dixo:

-“Pero anque... non llo decimos que se llo decimos aínda temos medo que nos vaían, cando nos toquen que nos mouren o corpo”

E faríano, eh!